

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O SEMINARIO MAIOR COMPOSTELANO PARA A POSTA EN VALOR DO MOSTEIRO DE SAN MARTÍN PINARIO

En Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, en calidade de presidente da **Axencia Turismo de Galicia**, en virtude do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e apróbanse os seus estatutos, en relación co Decreto 97/2018, que dispón o seu nomeamento como conselleiro de Cultura e Turismo e no exercicio das facultades que resultan do artigo 3 do Decreto 196/2012.

E doutra parte, D. (NIF 35293083C) na súa calidade de Reitor do **Seminario Maior Compostelano**, nomeado por decreto do Excmo. Sr. Arzobispo de Santiago de Compostela, o 7.08.2007.

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente personalidade xurídica e capacidade legal necesaria para se obrigaren en dereito e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a

comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Que no exercicio das súas funcións, lle corresponde executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o Mosteiro de San Martín Pinario constitúe, sen lugar a dúbidas, un dos conxuntos histórico - artístico máis impresionante de Europa, situándose, polas súas dimensións, no segundo lugar de España no que a construcións relixiosas se refire. As súas orixes están vinculadas ao culto do Apóstolo Santiago dende a época do bispo Sisnando I (880 -920). Foi precisamente a custodia do sepulcro do Apóstolo un dos seus labores fundamentais, o que compartían coas congregacións monásticas de Antealtares e Solovio e cos clérigos seculares que vivían co bispo.

As primeiras probas documentais da existencia do antigo Mosteiro de San Martín remóntanse aos inicios do século X, pero o conxunto arquitectónico existentes na actualidade data do século XVI, época na que a florecente situación económica derivada da boa administración dos bens da comunidade Beneditina propiciou a demolición das edificacións coñecidas ata entón entre elas a igrexa do SXII.

O cadeirado do coro da Catedral de Santiago de Compostela abandonará a súa localización na década dos 40 do século XX, co fin de deixar libre a nave principal da basílica, en 1945 pasa ao coro alto da Igrexa de San Martín Pinario -a actual situación-.

As obras de remodelación e engrandecemento do Mosteiro de San Martín Pinario comezaron na segunda metade do SXVI, acometéndose primeiro a reforma de diferentes estanzas monacais, como os claustros, as cociñas e a enfermaría. Non obstante, a comunidade beneditina non tardaría moito en interpretar que o seu gran proxecto sería a construción dunha nova igrexa, substituindo así a antiga construción románica. A renovación do templo foi formulada como unha grande obra arquitectónica, símbolo do crecente poder da Orde na cidade de Santiago.

Deste modo, a igrexa converteuse nunha das empresas construtivas máis emblemáticas e ambiciosas de Compostela durante a época de transición entre o renacemento e o barroco.

A grandiosidade de San Martín Pinario non pasou desapercibida para os moitos viaxeiros e peregrinos que chegaron á cidade e que deixaron nos seus diarios elocuentes testemuños sobre o mosteiro e a súa igrexa.

Terceiro.- Que o Plan Estratéxico para o Camiño de Santiago 2015-2020, na súa liña estratéxica 5: Fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeas, establece plans de acción específicos para o fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela en todos os seus elementos como meta do Camiño e da optimización das infraestruturas e de servizos ao peregrino na cidade de Santiago.

Na citada liña estratéxica establécense, entre outros, o plan de actuación 5.2: Optimización das infraestruturas e mellora dos servizos de atención ao peregrino na cidade, e o 5.3: Creación de produtos específicos de carácter cultural e turístico vinculados ao Camiño.

Cuarta.- Que ambas partes consideran esencial promover a boa imaxe da cidade, e de Galicia, e colaborar na posta en marcha de accións, como son as que constitúen o obxecto do presente convenio, coas que se pon en valor o Mosteiro, tanto coas actuacións que buscan a reparación e rehabilitación daqueles espazos que o precisan, así como a reposición e tratamento daqueles outros elementos que así o requiren, como coas visitas ao mesmo e os concertos que se organizan, que dotan a cidade de unha oferta cultural que ofrecer aos millares de peregrinos que chegan a Santiago.

Con estas actuacións perséguese a difusión e promoción daquelas lugares e/ou inmobles emblemáticos da cidade de Santiago, como acolledora de milleiros de peregrinos e visitantes, fundamentalmente de cara ao Ano Santo Xacobeo 2021, que constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia Comunidade. Trátase de ofrecer alternativas culturais e turísticas a todos/as os/as visitantes, contribuíndo a regular os fluxos turísticos e incrementando a estadía media do visitante na cidade, e en consecuencia, en Galicia.

Quinta.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, e a importancia e preeminencia do conxunto histórico-artístico que conforma San Martín Pinario, aos

efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En virtude do anteriormente exposto acordan celebrar o presente convenio que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Seminario Maior Compostelano para:

1. Optimización das infraestruturas en Santiago de Compostela. Liña 5.2 Plan Estratéxico para o Camiño de Santiago 2015-2020.

- Reposición lumínica e adaptación ao baixo consumo da igrexa, sancristía e museo.
- Recuperación dunha sala multiusos, coa reparación de balcóns, renovación de carpinterías, mellora de varandas de ferro, colocación de mampara, pintura e equipamento de unha sala que permitirá albergar a 60 persoas como aula de converencias.
- Reparación e restauración de carpinterías exteriores de algunhas zonas do monasterio.
- Desinsectación: tratamento da totalidade dos retablos da igrexa e mobiliario da sancristía que se atopan seriamente afectados de termita e carcoma.
- Restauración da cuberta da sancristía e paredes exteriores, debido as humidades e filtracións que afectan a este espazo que conserva a colección de óleos sobre cobre, recentemente restaurados.
- Renovación do sistema de amplificación da igrexa, instalación de amplificación no meso e instalación de cámaras de videovixilancia.

2. Creación de produtos específicos de atención ao peregrino en Santiago de Compostela. Liña 5.3. Plan Estratéxico para o Camiño de Santiago 2015-2020.

- Temporada lírica San Martín Pinario

- Peregrinos polo camiño da música

Os concertos que incluírán nestes dous ciclos durante este ano 2019 aparecen recollidos no punto 2 da cláusula segunda do presente convenio. Os concertos a realizar nas anualidades 2020 e 2021, en ambos os dous ciclos, serán comunicados á Axencia Turismo de Galicia nos tres primeiros meses de cada unha das anualidades.

3. Mellora servizos de atención aos peregrinos. Liña 5.2 Plan Estratéxico para o Camiño de Santiago 2015-2020. Apertura e visitas guiadas (aberto todos os días da semana. Peche fixo 24, 25 e 31 de decembro, 1, 5 e 6 de xaneiro e a segunda quincena de xaneiro. A igrexa poderá pecharse por motivos litúrxicos).

Do 1 de xuño ao 31 de outubro: de 10:00 a 20:00 horas. Catro quendas de visitas guiadas diarias, máis unha quenda en inglés os fins de semana. Visitas extraordinarias en español, galego e inglés con marcación previa.

Do 1 de novembro ao 31 de maio: de 11:00 a 19:00 horas. Dúas quendas de visitas guiadas diarias. Visitas extraordinarias en español, galego e inglés con marcación previa.

O recinto de San Martín Pinario contará cun punto de información no que se poida facilitar información aos visitantes da diferente oferta cultural e turística de Galicia.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

I. O orzamento estimado para a execución das actuacións previstas neste convenio é o que se detalla a continuación:

1. Optimización das infraestruturas

CONCEPTO	ORZAMENTO
ANUALIDADE 2019	
Reposición lumínica	35.000€
Desinsectación	20.000€
Restauración cuberta da sancristía e paredes exteriores	60.000€
TOTAL 2019	115.000€
ANUALIDADE 2020	
Recuperación sala multiusos	35.000€
Carpinterías exteriores	15.000€
Amplificación e cámaras	40.000€
TOTAL 2020	90.000€
TOTAL	205.000€

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia achegará o 100%, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019 e 2020, co seguinte desagregamento:

2019: 115.000€

2020: 90.000€

2. Creación de produtos específicos de atención ao peregrino:

Temporada lírica San Martín Pinario 2019:

- Orquesta sinfónica do Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela e Coro xuvenil da ópera do Rhin: 3.500€
- Concerto de Pasión: 2.000€

- Un requiem alemán: 3.500€
- O divino e o profano: 3.000€
- Corais no camiño: 3.000€
- Música barroca e elección de arias para contratenor: 5.500€
- O barbeiro de Sevilla: 90.000€

Peregrinos polo camiño da música 2019:

- Música celta: 2.000€
- Musgalia en concerto: 3.000€
- Jazz no claustro: 1.000€
- A escolanía de Covadonga: 3.000€
- Orquesta barroca Reina Sofía: 20.000€

Deste orzamento para o ano 2019 que ascende a 139.500€ , a Axencia Turismo de Galicia comprométese a achegar a contía máxima de 100.000€, con cargo a aplicación orzamentaria 11.A2.761A.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

O orzamento estimado para os concertos que se realicen en ambos os dous ciclos de música para os anos 2020 e 2021 serán enviados xunto coa comunicación dos concertos á Axencia Turismo de Galicia, tal como se establece na cláusula primeira. A achega da Axencia Turismo de Galicia para os anos 2020 e 2021 será dun máximo de 100.000€/ano. No caso de que os orzamentos para os concertos a realizar nas anualidades 2020 e 2021 non acaden os 100.000€/ano, a contía máxima a aportar minorarase ao importe dos orzamentos estimados remitidos.

3. Mellora servizos de atención aos peregrinos Apertura e visitas guiadas:

Guías e control de accesos: 20.000€

- Dúas persoas a xornada completa .
- De xuño a novembro dúas persoas máis: unha a xornada completa e outra a media xornada.

Limpeza e mantemento: 5.000€

Coordinación: 15.000

Deste orzamento total que ascende a 40.000€, a Axencia Turismo de Galicia comprométese a achegar a contía máxima de 40.000€ por ano, con cargo a aplicación orzamentaria 11.A2.761A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019, 2020 e 2021.

II. As achegas que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións obxecto do convenio só cubrirá o custo de realización das actividades sen que o Seminario Maior Compostelano obteña beneficio ou lucro industrial algún con ditas achegas.

Estas achegas canalízanse a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento das subvencións a favor da entidade, unha vez que esta entidade presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coas previsións de orzamentos recollidos na cláusula segunda e que se realicen **a partir do 1 de xaneiro**

de 2019. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O Seminario Maior Compostelano obrígase a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como a executar o orzamento previsto na cláusula anterior.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración, así como a marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha

declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que resulten aplicables.

2. A Axencia Turismo de Galicia obrígase a realizar as achegas económicas establecidas na cláusula segunda.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do

Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- b) Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación que acredite o seu pagamento.
- c) Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- d) No que respecta aos gastos de persoal, deberán achegarse orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo e dos partes de alta na Seguridade Social dos traballadores que realicen as actuacións subvencionables, (Boletín de cotización modelo TC2; RLC recibo de liquidación de cotizacións, antigo modelo TC1, e xustificante bancario do ingreso de cotizacións á Seguridade Social), así como ás nóminas e xustificantes do seu pagamento, así como do pagamento do IRPF.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba haber solicitado o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Con anterioridade á xustificación das actuacións, o Seminario Maior Compostelano, presentará unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A data límite para presentar a documentación xustificativa en cada unha das anualidades, será o **15 de novembro**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade total que xustifique o Seminario Maior Compostelano, respecto do orzamento total previsto neste convenio, para cada unha das tres actuacións.

A estes efectos, cada unha das tres actuacións ten a consideración de axuda ou subvención independente das outras, de modo que o incumprimento ou falta de xustificación dunha non afecta ao posible cumprimento das outras.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda para cada unha das actuacións, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total de cada unha das actuacións.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O Seminario Maior Compostelano quedará

obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estes pagamentos anticipados serán no caso das actuacións unha e dúas de ata o 50% das subvencións concedidas e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

No caso da actuación 3 o anticipo poderá acadar o 80% dos primeiros 18.000€ da subvención concedida, máis un 10% adicional sobre o importe que exceda dos 18.000€ e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, o Seminario Maior Compostelano deberá presentar a documentación referida na cláusula anterior, en relación ás contías satisfeitas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% das porcentaxes subvencionadas correspondentes aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no citado artigo 62.2 do citado Regulamento.

En todo caso, cada unha das actuacións considéranse independentes e susceptibles de pagamentos anticipados e a conta segundo se establece na presente cláusula.

De conformidade co disposto no artigo 67 do citado Regulamento, o beneficiario da subvención deberá constituír garantía para tales pagos anticipados e a conta, do 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

OITAVA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. O Seminario Maior Compostelano será o único responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

NOVENA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades pública o Seminario deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.

- O acordo unánime de tódolos asinantes.

- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO CUARTA.- CONSENTIMENTO PARA A PUBLICIDADE DE DATOS PERSOAIS QUE FIGURAN NO CONVENIO

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha

notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo Seminario Maior Compostelano

O presidente

O reitor do Seminario Maior de Santiago

Román Rodríguez González